

A MISIÓN DIPLOMÁTICA

Os malentendidos poden ser fonte de conflito se non sabemos como abordalos pacificamente. Para construír a paz debemos facernos comprender e esforzarnos por entender os demais. Dialoguemos!



Obxectivos

- Celebrar o Día Escolar da non-Violencia e a Paz (30 de xaneiro).
- Reflexionar sobre as actitudes que fomentan a tolerancia e o diálogo intercultural.
- Favorecer o desenvolvemento de competencias de cidadanía global.
- Presentar elementos de negociación, mediación e conciliación, claves para o desenvolvemento de habilidades de resolución de conflitos e para o alcance de obxectivos comúns.
- Estimular a reflexión sobre os elementos que nos permiten construír a paz de xeito proactivo.
- Fomentar unha visión da paz como unha situación cotiá ligada á nosa responsabilidade persoal.

Materiais necesarios

- Anexo 1: Triángulos e cadrados para intercambiar na negociación.
- Anexo 2: Descricións culturais e normas de etiqueta do corpo diplomático.
- Sobres (un por grupo).



30 XANEIRO

Día da Paz

Preparación

Explicamos aos nosos alumnos e alumnas que imos celebrar o día da paz e que por iso imos realizar unha misión diplomática. O obxectivo é que cada grupo de embaixadores poida lograr a súa misión sen que os seus interlocutores se enfaden e rompan as relacións diplomáticas.

- A clase divídese en dous grupos "cortienses" e "fortuneños", provenientes de dous países veciños: Corostán e Fortuna. Se o número de alumnos é moi grande, cabe a posibilidade de realizar catro grupos, dous de cada país, e que traballen paralelamente.
- Previamente á actividade, imprime e recorta suficientes cadrados e triángulos como para que cada grupo teña dous cadrados e dous triángulos no seu sobre. Imprime tamén as descricións culturais de cada grupo.
- Reparte un sobre por grupo, xunto coa descrición cultural. Terán uns minutos para revisar a información e prepararse para a negociación diplomática, con coidado de non ser oídos polos membros do outro grupo, cos cales non deben compartir a súa información. Algunhas preguntas poden axudarlles a definir a súa estratexia:

- Que cor ou forma queremos conseguir?
- Quen vai falar durante a negociación? Todo o grupo ou unha representación?
- Como saudaremos ao outro grupo?

O corpo diplomático en acción

Unha vez os grupos deliberen, comeza a negociación, na que se establecen as seguintes regras, cuxo incumprimento supoñerá a ruptura das relacións diplomáticas e o fracaso da misión:

- Non se permitirán roubos de figuras ou pelexas durante a negociación.
- Se a sala de negociación se volve moi ruidosa, finalízase o proceso.
- Durante a negociación, os membros dos grupos non poden tocarse.

A negociación durará uns tres minutos. Observa os problemas e dificultades que poidan xurdir durante o seu desenvolvemento. Se os problemas persisten, detén as negociacións e reflexiona co alumnado sobre a situación:

- Que barreiras están a impedir a negociación?
- O outro grupo fixo algo ofensivo para o teu grupo?

Pide aos grupos que revelen as súas normas de etiqueta no saúdo e preguntalles se hai formas de eliminar este obstáculo. Anima aos participantes a establecer novas "regras de negociación" que neutralicen as diferenzas. Volve abrir a negociación, con outros 3 minutos para interactuar.



A actividade remata cando remata o tempo ou cando os grupos conseguiron o obxectivo da súa misión diplomática. Pasamos á reflexión final:

- Que aconteceu durante a negociación?
- Conseguíronse os obxectivos de cada misión diplomática? Por que ou por que non?
- Os obxectivos de cada grupo eran incompatibles? Os problemas eran de fondo ou de forma?
- Que estratexia empregou o teu grupo para chegar a un acordo?
- Cales eran os valores do teu grupo? Que tivestes que sacrificar para lograr un acordo?
- Esta actividade aborda un malentendido entre dúas culturas. Onde hai malentendidos na túa vida diaria? Que acontece cando a xente, os grupos ou as culturas non logran entenderse? Que adoitan facer as persoas ou os grupos sociais para superar os malentendidos?
- Que estratexias de pacificación se usaron nesta actividade? Podes usar estas habilidades noutras situacións?



Facede fotos da actividade ou grave un vídeo para elaborar unha noticia para o blog ou o xornal do centro educativo ou para redes sociais. :





Cortineses

Os cortienses, habitantes do antigo país de Corostán, son xente moi pacífica. Cren que a maior mostra de respecto e educación ao saudar alguén é alzar unha man coa palma cara a diante (como cando pides alguén que pare). O corpo diplomático está especialmente adestrado para mostrar a máxima educación ás súas contrapartes, polo que alzan a man para saudar varias veces durante a conversación, como mostra de respecto, e tamén para facer as paces, en caso de que a outra parte mostre desconformidade ou incomodidade.

Os cortienses xamais tenderían a man cara a outra persoa (como para estreitar a man), xa que é o xesto máis groseiro de Corostán. Se alguén estendese a man desta forma a un cortiense, este sentiríase profundamente ofendido/a e sentarase automaticamente, deixando de falar á outra persoa.

Aos cortienses gústalles ter cousas da mesma cor: non lles importa a súa forma mentres todas sexan da mesma cor. A misión diplomática leva á negociación dous valiosos triángulos vermellos e dous custosos cadrados azuis: o seu obxectivo é regresar a Corostán con catro figuras da mesma cor, teñan a forma que teñan.



Fortureños

Os fortureños, habitantes do antigo país de Fortura, son xente moi pacífica. Cren que a maior mostra de respecto e educación ao saudar alguén é estender unha man cara a diante (como para estreitala). O corpo diplomático está especialmente adestrado para mostrar a máxima educación ás súas contrapartes, polo que tenden a man para saudar varias veces durante a conversación, como mostra de respecto, e tamén para facer as paces, en caso de que a outra parte mostre desconformidade ou incomodidade.

Os fortureños xamais alzarán a man coa palma cara a diante (como para dicir a alguén que pare), xa que é o xesto máis groseiro de Fortura. Se alguén levantase a man desta forma a un fortureño, este sentiríase profundamente ofendido/a e sentarase automaticamente, deixando de falar á outra persoa.

Aos fortureños gústalles ter cousas da mesma forma: non lles importa a súa cor mentres todas sexan da mesma forma. A misión diplomática leva á negociación dous valiosos triángulos vermellos e dous custosos cadrados azuis: o seu obxectivo é regresar a Fortura con catro figuras da mesma forma, teñan a cor que teñan.

